

**RESOLUCIÓN DO 28 DE DECEMBRO DE 2021, DA XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE INICIA PROCESO DE REUBICACIÓN DE PERSOAL ESTATUTARIO TEMPORAL DA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A SUPERIOR EN ANATOMÍA PATOLÓXICA DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DA CORUÑA**

Mediante Resolución do 10 de marzo de 2021, da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee, convocouse procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal fixo das categorías de sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña.

No mencionado procedemento, na categoría de Técnico/a Superior en Anatomía Patolóxica (TEAP), ofertáronse as seguintes prazas:

SERVIZO	N.º PRAZAS	QUENDA
Criobioloxía (Teresa Herrera)	3	Fixa de mañá (conleva localización)

Con data 8 de outubro de 2021 tivo lugar o acto de elección de prazas na categoría de Técnico/a Superior en Anatomía Patolóxica, resultando adxudicada 1 das 3 prazas convocadas.

Como consecuencia, non resultaron adxudicadas 2 das prazas convocadas.

Por outra banda, con data 23 de novembro de 2021 publicouse convocatoria interna para o persoal con praza fixa na área determinada de Anatomía Patolóxica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Entre as prazas convocadas, figuraban as seguintes:

DENOMINACIÓN	UBICACIÓN	N.º PRAZAS	QUENDA
Citloxía	Hospital A Coruña	5	Fixa de mañá

Con data 9 de decembro de 2021 publicouse a resolución da convocatoria interna para o persoal con praza fixa na área determinada de Anatomía Patolóxica do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, resultando adxudicadas 3 das prazas convocadas.

Como consecuencia, non resultaron adxudicadas 2 das prazas convocadas.

O punto 2 da Base Novena do procedemento de mobilidade interna voluntaria do persoal fixo das categorías de sanitario diplomado, sanitario de formación profesional e de xestión e servizos no ámbito do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, establece:

“Ao persoal propietario que teña que saír dunha unidade, por mor da incorporación de persoal adxudicatario, ofertaráselle as prazas vacantes no Complexo que non estean ocupadas por persoal propietario, promoción interna temporal ou persoal con nomeamentos interinos en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de longa duración, nas que se poderá reubicar en función da antigüidade como propietario do SNS; de producirse empate, polo tempo de servizos prestados como persoal temporal (interino/eventual) e, de continuar persistindo o empate, en favor do profesional de maior idade.

Ao persoal temporal que teña que saír dunha Unidade (interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito a reserva de praza de longa duración) ofertaráselle as vacantes no Complexo nas que se poderá reubicar en función da puntuación que ostente nese momento nas listaxes vixentes de aspirantes a vinculacións temporais da correspondente categoría.

Poderá acceder a esta reubicación o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos e amose a súa vontade de saír da mesma. A súa participación seguirá, igualmente, a orde de puntuación na listaxe da categoría correspondente a aportará para ofertar na reubicación a praza ocupada.”

Unha vez realizada a adxudicación das prazas de mobilidade interna correspondentes ao ciclo do ano 2020, así como as correspondentes á convocatoria interna para o persoal con praza fixa na área determinada de Anatomía Patolóxica, resultando non adxudicadas parte das mesmas e non existindo profesionais desprazados das súas prazas como consecuencia de ambos procesos, cómpre por en marcha un procedemento semellante ao descrito na Base Novena da convocatoria de mobilidade interna, para os efectos de que o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos, poida acceder ás mesmas.

En consecuencia, a Dirección de Enfermaría da Área Sanitaria da Coruña e Cee,

#### **ACORDA:**

**Primeiro.-** Convocar procedemento de reubicación de persoal temporal na categoría de Técnico/a Superior en Anatomía Patolóxica do Complexo Hospitalario da Coruña.

**Segundo.-** A oferta de prazas contense no Anexo á presente convocatoria.

**Terceiro.-** Poderá participar no procedemento o persoal con nomeamento interino en praza vacante ou substituto de titular con dereito á reserva de longa duración que leve desempeñando as súas funcións na mesma Unidade por un período mínimo de cinco anos.

**Cuarto.-** O criterio de adxudicación será a orde de prelación na vixente listaxe de selección de persoal estatutario temporal da categoría, tendo preferencia os/as profesionais de lista de promoción interna sobre os/as de quenda libre.

**Quinto.-** O prazo para a presentación de solicitudes será de 7 días naturais a contar dende o día seguinte á data da publicación desta convocatoria nos taboleiros da unidade e na páxina web do Espazo do Profesional.

A Coruña, 28 de decembro de 2021  
O DIRECTOR DE ENFERMERÍA



 SERVIZO  
GALEGO  
de SAÚDE | Xerencia de Xestión Integrada  
A Coruña  
DIRECCIÓN DE PROCESOS DE ENFERMERÍA

Asdo.: Enrique González Rodríguez

## ANEXO

### OFERTA DE PRAZAS

DENOMINACIÓN	UBICACIÓN	N.º DE POSTOS	QUENDA
Criobioloxía	Hospital Teresa Herrera	2	Fixa de mañá (conleva localización)
Citloxía	Hospital A Coruña	2	Fixa de mañá